



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE ABRIL DE 2014

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e seis de abril de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asiste á sesión D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 20 DE MARZO DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte de marzo de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS. PROCESO DAS ELECCIÓNS EUROPEAS 2014

Como consecuencia do sorteo efectuado por medios informáticos para a composición das mesas electorais correspondente ás Eleccións ao Parlamento Europeo 2014 a realizar o vindeiro día 26 de abril de 2014, o resultado é o seguinte:

MESA A

NOME E APELIDOS	DNI	CARGO
LUCIA VARELA NAVEIRAS	32 717 256 D	Presidenta
ANA BELÉN MEIZOSO GABEIRAS	32 662 341 H	1º Vogal
M. DEL CARMEN GABEIRAS PENA	76 411 287 C	2º Vogal
SUPLENTES		
ANA BELEN FDEZ. RGUEZ.	32 663 409 M	1º Suplente de Presidente
MARIA VANESSA LÓPEZ LÓPEZ	32 702 151S	2º Suplente de Presidente
JOSÉ RUBÉN ANTÓN VILA	32 702 880 P	1º Suplente de 1º Vogal
MARIA ISABEL FRANCO RGUEZ	32 640 104 E	2º Suplente de 1º Vogal
AQUILINO A. VILARIÑO OTERO	32 651 074 K	1º Suplente de 2º Vogal
ALVARO PENA NAVEIRAS	32 661 423 C	2º Suplente de 2º Vogal

MESA B

NOME E APELIDOS	DNI	CARGO
MONTSERRAT SECO CABARCOS	32 662 689 K	Presidenta
NOELIA MEIZOSO FOJO	32 682 931 T	1º Vogal

JOSEFINA PÉREZ CALVO	32 662 521 Z	2º Vogal
DANIEL PICO TRINIDAD	32 706 081 N	1º Suplente de Presidente
MARIA YAÑEZ COBELO	32 715 530 P	2º Suplente de Presidente
MARIA COUSO RGUEZ	36 132 373 V	1º Suplente de 1º Vogal
MIGUEL SOLDAN LEMA	32 789 566 F	2º Suplente de 1º Vogal
JOSÉ MANUEL VILAR MOREIRA	32 611 387 D	1º Suplente de 2º Vogal
DOLORES MEIZOSO GARCIA	76 396 094 F	2º Suplente de 2º Vogal

O Pleno queda enterado.

3. PLAN DTC93. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde da proposta para a inclusión de obras no Plan DTC 93 - Unha Deputación para todos os Concellos que foi informada favorablemente na derradeira Comisión informativa de asuntos do Pleno realizada o dezaseis de abril de dous mil catorce. As obras a incluír no mencionado Plan son as seguintes:

- "Pavimentación Vías Municipais A Barbela - AC 121" , cun orzamento que ascende á cantidade de 70.139,40€ , IVE engadido.
- "Pavimentación Vías municipais A Porta - San Boulo e outros", cun orzamento que ascende á cantidade de 32.866,20 € IVE engadido.

O total do Plan ascende á cantidade de 103.005,60€.

Dí o Sr. Alcalde- Presidente que no criterio para elixir as obras mencionadas tívose en conta que non fixeran falla autorizacións doutras administracións para a súa execución.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para poñer de manifesto que se remite ao xa dito na Comisión informativa de asuntos do pleno, e que había unha moción aprobada polo Pleno do Concello que no seu día presentou o Grupo Popular para a realización da obra de Saneamento nos Calzados; polo tanto dí que se observa unha falta de programación por parte do equipo de goberno para cumprir os acordos plenarios, suliña tamén que ten moita culpa a oposición por non coordinarse en facer cumprir eses acordos.

Remata a súa intervención, D. José Seco Fernández, dicindo que o Grupo Municipal do Partido Popular non está en contra de que se faga esta obra pero consideran que hai outras máis necesarias, anuncia a abstención do seu Grupo neste asunto.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase ao Sr. Alcalde se algunhas obras deste Plan xa se iniciaron concretamente no lugar do Lombo.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que as obras que se están a executar no camiño do Lombo pertencen a actuacións contempladas noutro Plan de obras.

Retoma a súa intervención D. Marcos Rodríguez Calvo, para reiterar o xa manifestado polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC na Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día dezaseis de abril de dous mil catorce.

Polo Sr. Alcalde-Presidente con respecto á intervención do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dí que efectivamente as obras de saneamento tamén están recollidas nas bases do DTC 93, pero farían falta a lo menos 200.000 só para empezar as mesmas.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, pregúntase ao Sr. Alcalde-Presidente a parte do estudo técnico que máis ten feito o equipo de goberno a este respecto?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que de momento só hai un estudo técnico e non hai proxecto aínda.

Rematado o debate e sometido este asunto polo Sr. Alcalde-Presidente a votación, o Pleno do Concello, por maioría de votos (4 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/a do Grupo Municipal do P S de G - PSOE e 4 abstencións dos Sres. /Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do Partido Popular e AIAC) acorda:

1º. Participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
"Pav. vías municipais A Barbela AC - 121"	70139,40€	0€	70.139,40€
"Pav. vías municipais A Porta - San Boulo e outros"	32.866,20€	0€	32.866,20€
TOTAL	103.005,60€	0€	103.005,60€

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

B) Achegas municipais a outros Planes, programas ou convenios

Non se achegan

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras Achegas	Presuposto Total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	103.005,60€	0€	0€	103.005,60€
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANES, PROGRAMAS OU CONVENIOS	-----	-----	-----	-----
TOTAL	103.005,60€	0€	0€	103.005,60€

2º. Non aprobar Plan Complementario

3º. Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º. Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se

acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. CONTA XERAL EXERCICIO 2013. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente do expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2013, que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, realizada o día 17 de marzo de 2014, sendo exposta ao público no BOP número 57 de data 25 de marzo de 2014, non se presentando ningunha reclamación no prazo legalmente establecido, polo que procede a súa aprobación polo Pleno do Concello.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández dise que se remite ao xa manifestado na Comisión Especial de Contas no sentido de que gran parte do diñeiro que se gasta xa está asinado a persoal, gastos xerais etc., polo que hai pouca marxe, pero aínda así e donde o Grupo Municipal do Partido Popular critica cómo se gastan eses cartos que hai de marxe sen meterse para nada na parte técnica do documento da conta xeral, polo que anuncia o voto en contra do seu Grupo a aprobación da Conta Xeral.

Pecha o debate coa intervención do voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para reiterar o xa manifestado polo seu grupo na Comisión Especial de Contas, no sentido de apoiar a aprobación da mesma resaltando que as accións do Concello deben de ir dirixidas a solventar os problemas de paro que hai así como a crise demográfica.

Sometido o asunto a votación polo Sr. Alcalde- Presidente, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE e AIAC e 2 votos en contra do Sr./Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2013.

2º. Remítilla en tempo e forma aos órganos de Fiscalización (Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia)

5. RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día 19 de febreiro de 2014 ata o día 16 de abril de 2014

FEBREIRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.02.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.02.2014, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 19.02.2014, concesión licenza urbanística a Dna. Manuela Sabín Barreiro para obras de “Conservación e mantemento: cambio de cubrición da cuberta dunha edificación existente máis substitución de carpinterías exteriores”, no lugar de O Piñeiro.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 21.02.2014, denegación licenza urbanística á empresa GAS NATURAL SDG, S.A. para levar a cabo obras de “Conexión ao saneamento municipal da rede interior de saneamento do Poboado do Eume”.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 21.02.2014, concesión de licenza urbanística a GAS NATURAL SDG, S.A., para levar a cabo obras de “Adaptación dun cuarto de baño para persoas con discapacidade en vivenda unifamiliar existente”, no Poboado do Eume.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 21.02.2014, concesión de licenza urbanística a GAS NATURAL SDG, S.A., para “Reposición de pavimento en camiños privados”, no lugar de O Poboado do Eume.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.02.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.02.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.02.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.02.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.02.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Eduardo Rodríguez Fraga, no lugar de O Seixo, 2.

- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 28.02.2014, elaboración do Padrón Fiscal da taxa de RSU correspondente 1º trimestre 2014.

MARZO:

- **SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 03.03.2014, adxudicación da contratación da prestación do servizo denominado “Servizos docentes nas escolas deportivas municipais, socorrista e control de acceso na piscina municipal” á oferta presentada por Servizos Deportivos de Galicia, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 03.03.2014, aprobación certificación número 3 e final da obra “Ampliación da rede de Saneamento en As Neves-Os Picos” por importe de 24.949,10 €, presentada pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fdez. y Otro S.P.C.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.03.2014, aprobación gasto.
- **PROMOCIÓN E EMPREGO:** Resolución da Alcaldía de data 05.03.2014, aprobación do proxecto para o “Obradoiro de emprego denominado EUME” entre o Concello da Capela e o Concello das Pontes.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **OBRAS E SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 10.02.2014, aprobación proxecto da obra “Saneamento de augas residuais na Estoxa”, cun presuposto de 30.295,63 €.
- **OBRAS E SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 10.03.2014, aprobación proxecto da obra “Colector de saneamento en Sande”, cun presuposto de 35.536,76 €.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 15.03.2014, cambio de enderezo de D. Pablo Meizoso Calvo e Dna. Verónica Pazos Moreira.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 15.03.2014, cambio de enderezo de Juan Simón Meizoso Calvo, de Os Roxedoiros nº 4 P01 a Roxedoiros nº 4 PBJ.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.03.2014, concesión de tres días a auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Dna. María Cristina Rodríguez Sanmartín, por falecemento do seu pai.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 19.03.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Ivanna Patricia Laxalt Acosta, no lugar de A Serra, 8.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.03.2014, aprobación facturas-pago.
- **ASOCIACIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 24.03.2014, inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Capela a “Asociación do Patronato do Museo Etnográfico” co número RAV 19/2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.03.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.03.2014, aprobación facturas-pago.

ABRIL:

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 01.04.2014, concesión do día 1 de abril de 2014 ó funcionario Jesús Franco Rodríguez por asuntos propios.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 05.04.2014, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2014.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.04.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.04.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.04.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.04.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 08.04.2014, concesión de días de vacacións dende o día 14 de abril ata o día 22 do mesmo mes (ámbolos dous inclusive) á Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 11.04.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. José Manuel Salgado Bouza, no lugar de Cabodantoi, 1.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 15.04.2014, aprobación proxecto técnico en que se recollen os cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios de Deputación do proxecto denominado: Acondicionamento interior dos vestiarios e aseos do ximnasio e piscinas municipais.
- **MOBILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 16.04.2014, autorizar a transmisión da Licenza Municipal de Taxi Nº 9 do Concello da Capela de D. Mario Naveira Bella á favor de D. Marcelino Casal Vega.

Polo concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, pregúntase ao Sr. Alcalde sobre a resolución da escola obradoiro coas Pontes?

Respóstalle o Sr. Alcalde - Presidente que efectivamente voltouse este ano a solicitar xunto co Concello das Pontes unha escola obradoiro á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, sinalando que nos dous anos anteriores a solicitude foi denegada.

O Pleno queda enterado.

6. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Dase conta da moción presentada polo voceiro D. Marcos Rodríguez Calvo do Grupo Municipal de AIAC, que copiada literalmente di:

" ASUNTO : MOCIÓN SOBRE A SUPRESIÓN DOS XULGADOS DE PAZ PREVISTA NO ANTEPROXECTO DA LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Consello de Ministros celebrado o pasado día 4 de abril de 2014, aprobou o anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial na que, entre outras increíbles reformas, pretende eliminar os Xulgados de Paz.

Esta eliminación dos Xulgados de Paz, como é evidente, afecta ó Xulgado de Paz da Capela. Isto suporía a supresión da plaza da actual traballadora do Xulgado e que os trámites que se están facendo a través do mesmo (citacións, notificacións, trámites do rexistro civil) se teñan que ir facer a Ferrol ou incluso a A Coruña donde está previsto que teñan a sede os Tribunais Provinciais de Instancia con xurisdicción en toda a provincia.

Por todo isto, e como esta reforma afecta directamente ó Xulgado de Paz da Capela, consideramos que a súa supresión causaría un grave perxuízo ós veciños, polo que,

DENDE O GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DA CAPELA PROPOÑEMOS Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

PRIMEIRO.- Que se inste ó Goberno Central para que se modifique este punto do Anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial e se conserven os Xulgados de Paz no seu estado actual."

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o anteproxecto de reforma de Lei Orgánica do Poder Xudicial elimina os Xulgados de Paz en toda España e modifica en xeral a Planta xudicial coa posibilidade de que os servizos de xustiza se centralicen na nosa provincia na cidade da Coruña, todo isto conleva un prexuízo claro para os veciños e veciñas da Capela, como usuarios da Administración de Xustiza, ademáis pérdese un posto de traballo, polo que dende o Grupo Municipal de AIAC se pide que o Pleno do Concello inste ao Goberno Central para que se modifique

este punto de anteproxecto da Lei Orgánica e se conserven os Xulgados de Paz no seu estado actual.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que neste asunto o Grupo Municipal do P S de G - PSOE vai apoiar a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC, xa que non se pode alonxar a xustiza dos veciños.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que ao seu xuízo non lle parece lóxica a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC que solamente se explica pola relación de traballo coa Xustiza do voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo. Dí que a anterior Lei Orgánica do Poder Xudicial data do ano 1985 e que dende aquela houbo moitos cambios para que esta Lei teña que ser modificada, ademáis cos novos sistemas informáticos ou telemáticos os veciños /as da Capela non terían que ir a Coruña, xa que se poderían facer os trámites on line, reitera que é unha moción política e que non é o Pleno do Concello o foro adecuado para debater este asunto, ademáis as reformas son necesarias, xa que hai que adaptar o traballo moi lento da xustiza e dos Xulgados ás novas tecnoloxías do século XXI e reducir os tempos de resolución dos casos xudiciais, e polo que respecta á creación de emprego débese cambiar as políticas do Concello e neste punto sinala que AIAC apoiou os presupostos do equipo de goberno os derradeiros tres anos; anuncia a abstención do seu grupo.

De novo toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo para dicir que neste caso concreto vaise perder un posto de traballo e que o problema da Xustiza non é crear os Xulgados a nivel provincial e alonxar a xustiza dos cidadáns, polo que respecta aos medios técnicos e informáticos a Xustiza está abandonada en favor doutras administracións como é a Facenda Estatal.

Polo Concelleiro de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, díselo ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que semella que fala xa en campaña electoral e que o seu Grupo pode presentar as mocións que considere oportunas para o seu debate no Pleno do Concello; e falar de que AIAC apoiou os derradeiros tres orzamentos do Goberno Municipal non vén a conto para o debate desta moción.

Remata o debate deste asunto coa intervención do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar que os feitos son que AIAC votou a favor dos derradeiros tres orzamentos presentados polo equipo

de Goberno Municipal e que a xustiza foi sempre conservadora a hora de empregar as novas ferramentas informáticas.

Sometido o asunto a votación polo Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do concello por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros /a dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE e AIAC e 2 abstencións do Sr. /Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular, adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC, sobre a supresión dos Xulgados de Paz, prevista no anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Marcos Rodríguez Calvo como voceiro do Grupo Municipal de AIAC neste Concello, solicita que se informe no próximo pleno do día 26 de abril de 2014 das seguintes cuestións:

1. Eu días pasados, comunicáronnos que tanto no Centro de Saúde como na Casa da Cultura, a calefacción funcionou todo o día a pesar de estar cunhas temperaturas por riba dos 20 grados, polo que os "usuarios tiveron que abrir as ventanas pola calor, A nosoutros isto parécenos un despilfarro de diñeiro público. Cal é o motivo de que non se apague a calefacción destes edificios cando fai calor?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que efectivamente estropeouse o termostato e xa se cambiou, agárdase que o problema quedase solucionado, non obstante posiblemente se teña que suprimir o accionamento manual da calefacción que se pode facer dende a casa da Cultura.

2. O actual estado do entorno da piscina é lamentable (rodeiras no terreo, árboles sin podar, madeira sin tratar, etc) Cando se vai adecentar?

Resposta o Sr. Alcalde- Presidente que efectivamente fixeronse traballos de poda na piscina, pero hai que entender que só se dispón de dúas persoas e que cando mellore o tempo retiraranse os restos que quedan na piscina e procederáse á sembra de céspede para ter a piscina arraxada no mes de xuño.

3. Na Escola de Guitiriz, como pasou na Caseta dos Lagoeiros, a madeira das portas e das ventanas é de mala calidade e xa está "abrindo", Vaise tomar algunha medida ó respecto?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que se intentou cambiar a carpintería de madeira dese edificio por aluminio ou PVC pero que non foi posible, considera que a madeira que está posta é de boa calidade e considera que os problemas veñen porque o edificio ata o de agora está pechado e sen uso.

4. Continuando coa madeira, no edificio de usos múltiples tamén observamos que tanto a que está na fachada como a que está nos bancos presenta varias deficiencias, pois algún listón xa está algo dobrado e non se lle fixo o mantemento que require esa madeira. Reiterando a pregunta anterior, vaise tomar algunha medida?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a madeira de exteriores necesita todos os anos un mínimo mantemento xa que hai que darlle un lasur para manter a cor, pero co persoal que temos non se pode facer máis do que se fai.

Pola Concelleira do Grupo Municipal, D.^a María Olga Blanco Teijeiro quérese deixar constancia de que como consecuencia dos botellóns hai veces que no parque infantil atópanse restos de cristais que poden ser perigosos para os nenos e nenas que xogan alí, polo que habería que ter cuidado con este tema.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas cincuenta minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



Jose A. Meizoso Paz